

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026960	CEIP Plurilingüe de Ponzos	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Proxecto Competencial de 1º de EP do CEIP de Ponzos do curso 2023/2024, está redactada conforme ao establecido no artigo 15.2. do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 41 da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Para a elaboración do proxecto competencial que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. As actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe. Cada alumno e alumna ten unha forma particular e única de aprender e debese aproveitar que contamos con 16 alumnos para traballar co talento que posúe cada estudante xerando experiencias de aprendizaxe que recollan todas as singularidades e as integren como un valor engadido na dinámica da aula.

A área divídese en tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiran as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas. No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas executar o proxecto planificado. No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta área parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización dun proxecto significativo e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

A programación de 1º de Ed. Primaria realízase no contexto educativo do CEIP de Ponzos, tívose en conta o Proxecto Educativo do centro e as directrices da CCP para a súa elaboración. O grupo desta materia está composto por 16 alumnos 14 nenos e 2 nenas. O alumnado deste grupo comeza unha nova etapa educativa con moita ilusión. Son alumnos moi dinámicos, pero con pouca base en lectoescritura. En xeral trátase dun grupo bastante caracterizado pola presenza maioritaria de nenos e tamén polo feito de que moitos cumpren a finais de ano e chegan a 1º con 5 anos. Conta con varios alumnos que teñen un ritmo de aprendizaxe lento e apréciase desfase nos coñecementos previos para a súa idade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1-3			1-3	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		2-5	1-3	1-3-4	2-4	3	2
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3	4	3	3-4

Descrición:

Este curso 2023-24, determinouse nunha reunión de claustro que os proxectos competenciais irán enfocados á mellora do noso colexio. Ese será o cauce para lograr os obxectivos indicados.

Como tamén debemos priorizar a adquisición plena da lectoescritura aproveitarase este medio na realización e elaboración da proposta de proxecto.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Presentación de "O noso colexio"	Explicación do proxecto, constitución dos equipos de traballo, deseño do rincón de aula para o proxecto, establecemento de liñas básicas de desenvolvemento do proxecto e aspectos a tratar.	10	5	X		
2	Melloramos o noso colexio	Cada grupo ten que elaborar o seguinte material: - Listaxe de desperfectos - Detectadas as necesidades, propostas de solucións. - Deseño unha estratexia para logras as solucións propostas.	60	25	X	X	
3	Encantanos o noso colexio	Cada grupo fará a presentación do seu traballo e finalmente elaboraremos unha presentación coa evolución do proxecto para poder presentala á comunidade educativa.	30	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Presentación de "O noso colexio"	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do colexio e dos espazos públicos.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realizar listaxes .		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Localizar en grupo desperfecto que se poidan arreglar.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Ordena secuencialmente as fases do proxecto en grupo.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar conflitos detro do grupo de iguais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Melloramos o noso colexio	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar alo menos unha das actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Empregar algún coñecemento extrapolado doutros contextos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Identificar os recursos e materiais que imos a empregar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Intentar resolver as incidencias no grupo de iguais.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Comparar os resultados logrados coa situación previa á intervención.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Encantanos o noso colexio	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a solicitude	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Mostrar unha linguaxe corporal e cómoda na preparación das postas en común.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do curso 2023-24 levarase a cabo o seguinte proxecto: "O noso Colexio".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. Constituiranse 4 grupos de 4 alumnos cada un.

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe:

- ¿A área debe enfocarse ao desenvolvemento no alumnado dunha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade e as persoas que nela conviven, desde unha visión sistémica, tanto local como global, e da reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal na procura de solución para estas.
- ¿O deseño do proxecto debe ser significativo e desenvolverse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolva a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- ¿As actividades que se propoñan dirixiranse a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- ¿A realización do proxecto contribuirá á alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades na procura e na selección de información, o uso ético desta e a xeración de contidos, introducindo as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de documentación e comunicación que permitan ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo elaborado ao longo do curso.
- ¿Impulsarase o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permita ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse coas demais persoas.
- ¿O profesorado debe estimular a axuda mutua e o traballo colaborativo co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- ¿O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- ¿Empregaranse distintos métodos que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.
- ¿As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integren na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
- ¿Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.
- ¿A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Cada grupo cooperativo deberá investigar e coñecer as dependencias do centro escolar, elaborar un plan de traballo para mellorar o noso centro: planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar e finalmente, o alumnado executará as accións necesarias para facer realidade as súas propostas.

Cada grupo levará u rexistro de todo o seu traballo que culminará na presentación grupal, coa guía da mestra, do resultado do seu traballo.

Neste proxecto, traballaranse todas as competencias clave:

CCL: En todo o proxecto, os alumnos traballarán a linguaxe oral e escrita.

CP: O rexistro de solicitudes deberá estar escrita en galego e en castelá, polo que terán que anexar o vocabulario das dúas linguas.

STEM: Realizarán un traballo sistemático similar ao método científico que aprenden nas áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

CD: Utilizarán recursos dixitais para buscar información e elaborar a presentación.

CPSAA: Traballarán en equipos colaborativos, desenvolvendo hábitos de traballo e investigando de forma individual ou colectiva, respectando as ideas dos outros e valorando a aportación de cada membro do grupo.

CC: Valorarán o benestar e de todo o alumnado e buscan mellorar os servizos escolares.

CE: Tomarán decisións de forma consensuada.

CCEC: Aprenderá a facer solicitudes por escrito de xeito convencional.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Utiles escolares: lapis, pinturas, gomas, tesoiras...
Cartolinas, papel continuo, paneis,...
Elementos de fixación: pegamento, grampas, masilla autoadhesiva...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste na aula convencional equipada cun encerado dixital interactivo e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres dobres, o que facilitará os emparellamentos e a formación dos equipos para facilitar o traballo grupal.

Tamén empregaremos diversas dependencias do colexio, especialmente as da 1ª planta.

Así mesmo, a aula habilitarase un "rincón do proxecto", onde gardarán e exporán o material que vaian elaborando.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial con carácter competencial. O seu obxectivo é facilitar información sobre os aspectos que o alumnado ten conseguido e afianzado e axudar ao docente a coñecer as necesidades do alumnado tales como as posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo.

Con esa información podese determinar por onde empezar a traballar os contidos e programar as adaptacións e reforzos precisos, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	60	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, valorarase o desenvolvemento do proxecto, o traballo individual e colectivo e a actitude de traballo.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño l concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

Para o cálculo da nota das UD de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA UD PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1)

NOTA UD SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD2)

NOTA UD TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD3)

A nota final de cada trimestre será calculada mediante a seguinte ponderación:

- 70% traballo na aula.

- 30% actitude ante o traballo.

O 100% da nota da avaliación final obterase do seguinte xeito:

-1º trimestre: 33,3%.

-2º trimestre: 33,3%.

-3º trimestre: 33,3%.

A nota ordinaria en xuño virá determinada pola avaliación continua polo que obterase da media das 3 unidades sempre que resulte igual ou superior a cualificación da 3ª avaliación.

Criterios de recuperación:

No caso de estudantes que non realicen as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

Ademais convocarase á súa familia a unha reunión de titoría por se houberse algún motivo alleo ao proxecto que cause o problema.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao centro de Ferrol	Visita para a entrega de solicitudes e para que o alumnado coñeza o funcionamento dun concello.			X

Observacións:

Quedaremos pendentes das ofertas locais e iranse incluíndo ao longo do curso polo que nos coordinaremos co equipo de actividades extracolexiais e coa dirección do centro para aproveitar as ofertas que mellor acollan o noso proxecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O seguimento farase a través da propia aplicación PROENS.

9. Outros apartados